



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN NOVE GRUPO GASTRONÓMICO PARA A PROMOCIÓN DA GASTRONOMÍA DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación NOVE Grupo Gastronómico o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 15 de novembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e Asociación NOVE Grupo Gastronómico para a promoción conxunta da Comunidade Autónoma de Galicia como destino turístico, promovendo e comercializando a gastronomía de Galicia, a través das seguintes actuacións:

- Desenvolvemento dunha acción promocional de marketing dixital no mercado alemán.
- Creación dunha plataforma promocional dixital e multilingüe do Grupo Nove con campaña de promoción e posicionamento.
- Publicación de folleto promocional do Grupo Nove para distribución nos diferentes eventos e accións promocionais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:





Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, creada como axencia pública autonómica polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é o órgano ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade, e ten entre os seus obxectivos básicos, levar a cabo accións de potenciación de recursos turísticos, polo que, entre as súas prioridades, está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen a consecución deste obxectivo. A tal efecto, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

Segundo.- Que a Asociación NOVE Grupo Gastronómico é unha entidade sen ánimo de lucro cuxos fins son a defensa e promoción dunha concepción moderna e contemporánea da cociña galega dende o respecto a os seus orixes, cunha gastronomía de vangarda “made in Galicia” que combina o mellor da tradición e da innovación atendendo ás novas técnicas postas a disposición da calidade dos nosos produtos.

A Asociación NOVE Grupo Gastronómico, exalta a gastronomía de Galicia como un elemento vertebrador e un dos piares fundamentais da cultura dun país, integrada pola súa historia, as súas tradicións, as súas creacións artísticas e polos seus costumes gastronómicos. A promoción da gastronomía contribúe dun xeito moi importante a atracción turística de visitantes xa que este constitúe un dous maiores potenciais da nosa comunidade.

Para a consecución dos seus obxectivos, Asociación NOVE Grupo Gastronómico, conta cos restauradores de máis relevancia da comunidade autónoma entre os que figuran algunhas das principais figuras da gastronomía internacional.

Terceiro.- Así mesmo, a Asociación NOVE Grupo Gastronómico é a única asociación de cociñeiros existente en Galicia que reúne aos principais e máis prestixiosos restauradores da comunidade autónoma, e polo tanto a única capaz de desenvolver o obxecto deste convenio.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

